



Sesión Ordinaria número 4 celebrada polo Pleno do Concello o día 31 de marzo de 2016

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 3/2016 do 25/02/2016.
2. Dar conta expediente de modificación de crédito 04/2016.
3. Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos.
4. Actividades de control do pleno
 - 4.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 4.2 Solicitudes de comparecencia
 - 4.3 Mocións
 - 4.3.1. Proposta de acordo en relación á defensa do Ferrocarril
 - 4.3.2. Moción PP 2ª fase estrada vilar de infesta
 - 4.3.3. Moción do ps de g-psoe sobre arranxo ponte camiño real
 - 4.3.4. Moción de AER sobre a adhesión ao programa “Cidades Amigas da Infancia”
 - 4.3.5. Moción do PP sobre os vestiarios campo de fútbol de Cesantes
 - 4.3.6. Moción de denuncia do acordo da Unión Europea con Turquía
 - 4.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 28/03/2016, e sendo as vinte horas do 31 de marzo de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, , José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación Ana Begoña Merino Gil .

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.



Incidencias

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

A concelleira Quintáns Costoya auséntase por razóns persoais xustificadas sendo as 21:00 horas.

Tras sucesivas interrupcións de intervencións o Alcalde, sendo as 20:40 horas, suspendeu a sesión, que se reanudou ás 20:45 horas.

O Alcalde decide realizar un descanso entre ás 21:55 e as 22:10 horas

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 3/2016 do 25/02/2016.

Dáse conta do borrador da sesión ordinaria número 3/2016 do 25/02/2016 que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes nos seus propios termos.

2. Dar conta expediente de modificación de crédito 04/2016.

Dáse conta do expedientes de modificación de crédito seguinte:

- Expediente de modificación de créditos MC 04-16 gc 02-16 por un importe de 303.099,47 €, aprobado por resolución da alcaldía de data 04/03/2016.

O pleno do Concello queda informado.

3. Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 60.601,79€

ANTECEDENTES

Ditame da comisión informativa de economía, facenda da súa sesión do día 28/03/2016 que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 23 de marzo de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 60.601,79 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do



orçamento do Concello de Redondela para o ano 2016:

TERCEIRO	NÚMERO DA FACTURA	DATA DA FACTURA	EUROS	APLICACIÓN
MARIA DEL CARMEN MARTINEZ SANTORIO	42566	04/08/2015	1.089,00	1511A.22706
SUMINISTROS ATRIO S.L.	151/41	15/12/2015	447,70	3121A.21300
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118533 2590	13/10/2015	557,91	3121A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1201	14/11/2015	657,44	3121A.22100
SCHINDLER, S.A.	3472818132	26/11/2015	147,54	3231A.21300
SUMINISTROS ATRIO S.L.	151/46	15/12/2015	1.167,65	3231A.21300
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115101021393208/10/2015	08/10/2015	877,84	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115101023513808/10/2015	08/10/2015	267,59	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115101040508910/10/2015	10/10/2015	59,06	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115101043090910/10/2015	10/10/2015	447,74	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115111040925412/11/2015	12/11/2015	405,73	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115111075832219/11/2015	19/11/2015	415,01	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115111087781621/11/2015	21/11/2015	971,40	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115111127426826/11/2015	26/11/2015	105,74	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118493 6810	07/10/2015	893,19	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118493 6888	07/10/2015	529,16	3231A.22100
GAS NATURAL	FE1532118533	13/10/2015	534,29	3231A.22100

Concello de Redondela



SERVICIOS SDG, S.A.	2588				
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118533 2603	13/10/2015	638,21	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118533 2605	13/10/2015	463,07	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118533 2607	13/10/2015	882,97	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118748 5388	06/11/2015	883,60	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1198	14/11/2015	467,50	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1218	14/11/2015	824,49	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1219	14/11/2015	529,39	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1223	14/11/2015	1.078,26	3231A.22100	
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1224	14/11/2015	478,43	3231A.22100	
ANTONIO BARCIELA TESTA MAT. CONSTRUC.	142345	29/12/2015	104,53	3231A.22699	
GRUPO PAZOS TAU S.L.	564046963	28/12/2015	39,20	3231A.22699	
SILVIO COUÑAGO TOUCEDO	32	11/12/2015	290,40	3231A.22710	
VIGUESA DE LIMPIEZAS ALMI, S.L.	03/FC/0000013 2	12/02/2015	1.070,98	3231A.22710	
SUMINISTROS ATRIO S.L.	151/45	15/12/2015	133,10	3261A.21300	
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115101027264909/10/2015		320,94	3261A.22100	
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003063	15/12/2015	11,25	3261A.22699	
DISOFIMAT, S.L.	762	02/12/2015	102,51	3321A.22002	

Concello de Redondela



DISOFIMAT, S.L.	763	02/12/2015	78,89	3321A.22002
ASOCIACION DE AMIGOS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE REDONDELA	07/15	16/12/2015	120,00	3321A.22609
ASOCIACION DE AMIGOS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE REDONDELA	08/15	16/12/2015	120,00	3321B.22609
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118533 2615	13/10/2015	575,69	3331A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118766 6275	11/11/2015	596,15	3331A.22100
JOSE MANUEL ALONSO ESTEVEZ-REDONDELA QUIMICA	A/354	15/12/2015	49,61	3331A.22110
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118493 6885	07/10/2015	1.105,26	3331B.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118748 5401	06/11/2015	1.047,79	3331B.22100
ANTONIO BARCIELA TESTA MAT. CONSTRUC.	142350	29/12/2015	34,91	3331B.22699
GRUPO PAZOS TAU S.L.	564046952	28/12/2015	21,40	3331B.22699
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003069	15/12/2015	22,26	3331B.22699
PAZOS MIGUEZ S.L. MADERAS	29681	28/12/2015	39,33	3331B.22699
SUMINISTROS ATRIO S.L.	151/40	15/12/2015	393,25	3331C.21300
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118533 2618	13/10/2015	347,83	3331C.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118775 4599	13/11/2015	386,89	3331C.22100
REVER, S.L.	508000403	22/12/2015	2.964,50	3341A.20800
JOSE ALVARO PEREZ	135	14/12/2015	88,33	3341A.22602

Concello de Redondela



SOTELO

VISUAL Y PUBLICIDAD ESTUDIO S.L.	A/184	16/12/2015	145,20	3341A.22602
AUTOS GONZALEZ, S.L.	15/2497	30/12/2015	1.320,00	3341A.22609
FERNANDO M. COLLAZO CARREIRA	13	04/11/2015	1.303,00	3341A.22609
FERNANDO M. COLLAZO CARREIRA	14	30/12/2015	1.210,00	3341A.22609
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003074	15/12/2015	115,82	3341A.22609
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003075	15/12/2015	64,24	3341A.22609
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003076	15/12/2015	75,00	3341A.22609
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003083	15/12/2015	76,90	3341A.22609
REVER, S.L.	508000384	10/12/2015	145,20	3341A.22799
REVER, S.L.	508000407	30/12/2015	108,90	3341A.22799
CLUB DEPORTIVO CHOCO	42566	18/11/2015	3.000,00	3411A.22608
ANTONIO BARCIELA TESTA MAT. CONSTRUC.	142348	29/12/2015	61,42	3421A.21300
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118493 6803	07/10/2015	377,39	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118493 6811	07/10/2015	541,74	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118493 6907	07/10/2015	1.400,49	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118533 2589	13/10/2015	745,74	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118561 8679	15/10/2015	379,84	3421A.22100



GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118748 5386	06/11/2015	348,96	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118748 5445	06/11/2015	354,02	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118775 4600	13/11/2015	1.632,96	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1199	14/11/2015	502,37	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118783 1200	14/11/2015	969,61	3421A.22100
CODISOIL, S.A.	P1-514345	05/12/2015	610,00	3421A.22103
GESTCALOR, S.L.	A/856 -15	10/12/2015	669,74	3421A.22103
COMERCIAL LAMAS VIPE, S.L.	15080	19/11/2015	223,79	3421A.22110
COMERCIAL LAMAS VIPE, S.L.	15160	10/12/2015	24,50	3421A.22110
COMERCIAL LAMAS VIPE, S.L.	15162	10/12/2015	41,38	3421A.22110
ANTONIO BARCIELA TESTA MAT. CONSTRUC.	142346	29/12/2015	3,17	3421A.22199
CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO DE CESANTES	36/15	26/09/2015	400,00	3421A.22601
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15	15/12/2015	18,39	3421A.22699
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003059	15/12/2015	3,36	3421A.22699
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003062	15/12/2015	27,78	3421A.22699
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003067	15/12/2015	2,15	3421A.22699
JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003070	15/12/2015	15,68	3421A.22699

Concello de Redondela



JUSTO OTERO E HIJOS, S.L.	F15/003071	15/12/2015	6,92	3421A.22699
KINDLING S.L.	1211-15	30/11/2015	163,35	3421A.22711
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118493 6889	07/10/2015	2.867,77	3421B.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1532118748 5402	06/11/2015	2.405,29	3421B.22100
CODISOIL, S.A.	P1-513510	24/11/2015	2.925,00	3421B.22103
CODISOIL, S.A.	P1-514454	07/12/2015	2.400,16	3421B.22103
CODISOIL, S.A.	P1-515528	23/12/2015	2.337,39	3421B.22103
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	1151110847320	20/11/2015	376,12	4312B.22100
SERVIOCIO, S.L.	23/F2015/0000 0026	30/11/2015	733,92	3411A.22609
SERVIOCIO, S.L.	23/F2015/0000 0029	31/12/2015	733,92	3411A.22609
ALTUBEFILMEAK	24/2015	11/12/2015	363,00	3341A.22609
SCDA. GENERAL AUTOES Y EDITORES	0027547310	18/02/2016	49,11	3341A.20900
LUCIA MERINO PEREIRA	A21/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
LUCIA MERINO PEREIRA	A02/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
LUCIA MERINO PEREIRA	A03/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
LUCIA MERINO PEREIRA	A05/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
LUCIA MERINO PEREIRA	A06/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
LUCIA MERINO PEREIRA	A07/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
LUCIA MERINO PEREIRA	A08/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
LUCIA MERINO PEREIRA	A20/2015	29/09/2015	34,00	3231A.4890003
CLAUDIO CABALEIRO ESTEVEZ	339	28/12/2015	15,60	3331B.22699

Concello de Redondela



PATRICIA ROZADOS VILA	013/2015	09/12/2015	186,51	3341A.22602
CLAUDIO CABALEIRO ESTEVEZ	325	16/12/2015	147,08	3331B.22699
IES MENDIÑO REDONDELA	-----	28/10/2015	2100,00	3421A.22100

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP, a abstención do PSG- PSOE, e o voto en contra de AER, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓN

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que vaise abster xa que está a favor dunha mellor xestión dos orzamentos aínda que nalgunhas cuestións o Concello non ten a culpa e de ahí a abstención no lugar de votar en contra.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que ten algunhas dúbidas con respecto a certas facturas pero despois de ter unha conversa aclaratoria co interventor decidiu apoiar a proposta.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que a maioría das facturas non son de final de ano e de acordo co informe de Intervención as partidas estaban esgotadas polo que houbo unha falta de previsión por parte do goberno. Indica que en outubro do ano pasado se fixo unha modificación de crédito que tampouco chegou para dar cobertura a ditas facturas e que van a votar en contra.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que van a apoiar a proposta pero refírese a dúas facturas, unha de febreiro e outra de agosto, que non son precisamente de final de ano, polo que sinala que sí houbo falta de previsión. Entenden que os provedores non teñen a culpa e van a votar a favor por responsabilidade.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que as partidas se esgotaron porque os orzamentos estaban prorrogados e houbo que desenvolver diversos convenios polo que o recoñecemento é necesario para que poidan cobrar.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ pon en dúbida o sinalado pola voceira do PP porque algúns dos beneficiarios deses convenios non cobraran aínda no mes de febreiro. Considera que incidiu o feito de que fora ano electoral.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría do/as Concelleiros/as, sendo dezaseis votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 1 do BNG), catro votos en contra (4 de AER) e unha abstención (concelleira non adscrita).

4. Actividades de control do pleno



4.1 Dar conta das resolucións de alcaldía

O Pleno queda enterado a traves do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

4.2 Solicitudes de comparecencia

Por AER solicítase a comparecencia do Alcalde nos seguintes terminos:

“O pasado mes de decembro, o alcalde Javier Bas xustificou unha factura do 26 de maio, referente a unha comida do día 10 do mesmo mes, na Festa do Choco, como “acto institucional”. Solicitamos a comparecencia de Javier Bas para que dea conta dos gastos protocolarios endosados ao Concello de Redondela na Festa do Choco do ano 2015.”

O Alcalde da lectura á resposta que se lle deu á agrupación sobre a cuestión por escrito e na que se indicaba que dado o tempo percorrido non tiñan copia das invitacións e que a presenza do presidente da Xunta implicou unha gran difusión para a Festa do Choco. Dí que o equipo de goberno, tendo en conta que coincidiu co inicio da campaña electoral decidiu, en aras de evitar polémicas, abonar o diñeiro. Dí que non foi un acto político senón institucional no que os convidados levaban unha chapa da Festa do Choco e foi a primeira vez que o presidente da Xunta comeu na carpa o cal tivo unha importante repercusión mediática. Considera que a festa mellorou moito nos últimos anos e todas as actividades organizadas foron de exaltación do choco e a nivel institucional se logrou que fora declarada como festa de interese turístico de Galicia. A convocatoria se fixo como todos os anos, a todos os grupos políticos e aos representantes institucionais. Refírese a un informe da responsable de Novas Tecnoloxías do Concello, quen sinalou que en novembro de 2015 ao incorporarse unha nova traballadora na Alcaldía, se desinstalou o correo anterior e por ese motivo faltan as copias da convocatoria xa que non se considerou necesario conservalas. Ensina unha copia da invitación que os mesmos representantes de AER lle recoñeceron ter recibido. Refírese tamén a un informe ao que terán acceso próximamente con respecto á liquidación do orzamento no que se constata unha rebaixa da débeda do Concello de sete millóns de euros o que amosa que a xestión dos cartos públicos é axeitada e austera, contrariamente a cómo facía o bipartito as comidas institucionais. Sinala que fixeron a comida na carpa e só de chocos, para facer efectiva a promoción, non nun restaurante no que se comía de todo e saía moitísimo máis costoso e di que non houbo ningún reparo da Intervención. Indica que decidiron abonar a factura para que non haxa a máis mínima dúbida e non tiñan ao principio maneira de comprobar cómo se fixera a convocatoria . Trala suspensión momentánea da sesión, decidida polo Alcalde á vista das interrupcións das que foi obxecto a súa comparecencia, o Alcalde continua a dicir que a súa forma de gobernar é distinta e a xestión que están a facer é boa, como demostran as cifras e o respaldo dos cidadáns. Considera que debía respetarse o traballo que están a facer e que AER montou unha gran mentira retorcendo a cuestión. Insiste en que non houbo convocatoria a militantes nin se pediu o voto a nadie.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que unha noticia da cadena SER naquel intre dicía que o señor Feijoo anulaba a súa axenda para a fin de semana para adicarse ao arranque da campaña electoral e, entre as suas visitas, estaba prevista a asistencia á Festa do Choco. Tamén dí que aparte das chapas levaban propaganda electoral e para amosalo ensina unhas fotos que o PP mandou á prensa e nas mesmas estaba Julio Mougán, agora concelleiro, que por entón non era nadie. Dí que



privilexios segue habendo porque a señora Amoedo conqueriu un cambio de titularidade dun negocio nun só día cousa que non pasa co resto da xente . Sinala que tamén se beneficiaron dun crédito do goberno anterior e que as festas se poñen en valor porque participan os veciños non porque o PP traia a ninguén. Dí que a cobertura que fixo a prensa do acto foi totalmente política e que devolveu os cartos porque eles preguntaron por esa factura e preguntase o motivo xa que non había un informe contrario de intervención. Dí que sí tivo un reparo por faltarlle o vale e que poden pedirle á Xunta a axenda do presidente desa fin de semana para comprobar o que din. Sinala que a invitación non foi para as dúas comidas, polo que parécelle que hai algo raro.

O Alcalde sinala que quedou claro que cando organizan un acto político a concentración de militantes é máxima e non foi este o caso. Considera que AER ten un afán destructivo e sentiu noxo con esta solicitude o mesmo que seguramente sentiu a agrupación cando Santos Héctor lles acusou de obter favores para eles mesmos por parte do PP, cando non era certo. Pidelles que participen nos actos institucionais da próxima festa.

4.3 Mocións

4.3.1. PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN Á DEFENSA DO FERROCARRIL.

ANTECEDENTES:

“O Concello de Redondela, facéndose eco das peticións veciñais sobre mantemento de liñas e servizos ferroviarios que afectan ás nosa estacións e apeadeiros, liñas e frecuencias, presenta ante o Pleno o seguinte texto, no que se recollen estas inxerencias e se propoñen posibles solucións e alternativas para que o noso concello manteña unha boa calidade de servizos ferroviarios.

Segundo o que a veciñanza expresa, o ferrocarril é o transporte terrestre máis usado no mundo actual, e grazas á súa evolución tecnolóxica, ten mellorado tanto no aspecto económico coma na súa capacidade e acesibilidade.

O transporte de persoas e mercadorías dinamiza, a través do ferrocarril, territorios, vertebrándoos economicamente e estruturalmente, e aportando un valor engadido importantísimo como é a sustentabilidade e o baixo custe enerxético.

O Concello de Redondela, como cuarto municipio da provincia e cabeceira da comarca, ten unha influencia atractora sobre unhas sesenta mil persoas, que son potenciais usuarias do ferrocarril nalgún momento. O noso concello conta con estacións e apeadeiros, e unha importante rede ferroviaria que nos atravesa, en diferentes liñas, que nos fai susceptibles de poder gozar duns servizos ferroviarios moi importantes, polo que é necesario que se manteñan e melloren liñas que xa temos, e se tomen medidas que nos conduzan a unha mellora no servizo de proximidade. É importante que esteamos ben comunicados con Madrid e outras capitais, pero sen esquecer a importancia das viaxes curtas cara ás cidades que temos máis próximas.

A chegada das vías de alta velocidade vai supor unha mellora dos tempos de chegada a destinos de longo percorrido, pero temos que aproveitar a oportunidade que supón ter esta alta velocidade ao noso carón, e tratar de conseguir maiores frecuencias. Ao mesmo tempo é importante que se manteñan os servizos de tren-hotel nocturnos coma até agora, garantindo unha boa conexión e mantendo as horas de chegada a Madrid.

Así, expresamos a vontade do Pleno do noso concello de apoiar e seguir traballando



para que os nosos servizos ferroviarios teñan un futuro garantido e avancemos na súa constante mellora, pola importancia poboacional e pola influencia que unha boa rede de comunicación pode ter en todos os ámbitos da vida e o desenvolvemento da poboación.

Tamén sabemos da importancia de garantir os traballos de mantemento en toda a rede, así coma a limpeza e conservación dos espazos vencellados ao ferrocarril, para manter a nosa calidade de vida.

Queremos que todas as administracións implicadas no noso territorio, no Ministerio de Fomento, na Xunta, e mesmo a Deputación e a Área Metropolitana cando estea operativa, afonden no compromiso de garantir que este medio de transporte de persoas e mercancías siga sendo un ben útil para todos e todas nós. Que se invista na súa mellora e conservación e que sirva como un elemento realmente vertebrador e auténtica conectividade entre uns territorios e outros, cun servizo cada día mellor, economicamente asequible e con diferentes opcións para cada necesidade.

Por todo o exposto, o Pleno do concello manifesta o seu apoio ás peticións veciñais en referencia ao mantemento dun ferrocarril público e de calidade para o noso concello”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que despois do acontecido no punto anterior non desexa compartir nada co PP pero como había un compromiso previo van a apoiala.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG)

4.3.2. MOCIÓN PP 2ª FASE ESTRADA VILAR DE INFESTA.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PP o día 09/02/2016 con número 1635 que se transcribe a continuación:

“Este Concello asinou no ano 2014 un convenio coa Diputación Provincial de Pontevedra para acometer as obras da primeira fase da estrada EP2906, os traballos cun presuposto que superou o millón de euros, beneficiou a moitos veciños de Vilar de Infesta ao ensanchar a estrada e construír beirarrúas nun vial que presentou durante moitos anos grandes deficiencias en seguridade malia de soportar un intenso tráfico, ata de vehículos pesados..

O Convenio contemplou unha achega do noso Concello de 200.000€ para saneamento e abastecemento e de 835.654€ a Deputación Provincial para o ensanche, humanización e mellora do firme e da seguridade. Como xa é coñecido existe un compromiso ante os veciños de Vilar de Infesta do anterior Presidente da Deputación de que unha vez rematadas as obras da primeira fase, se levaría a cabo o proxecto e execución da segunda fase de humanización desta estrada provincial. Nestes intreos están practicamente rematadas ditas obras polo que cremos que é necesario un compromiso claro por parte do **novo goberno da Deputación** da realización das obras da segunda fase que deberían acometer nos mesmos aspectos que se acometeron na primeira, de implantación de beirarrúas, alumbeo público e medidas para a redución de velocidade e mellora da seguridade vial oportuna,



rematando o último tramo que queda ata chegar o linde con Mos . Non podemos esquecer que nesta zona debese priorizar a seguridade das persoas xa que é unha zona rural onde a poboación vive moi dispersa e se desplaza moito a pé.

Por todo o anteriormente exposto solicitamos que se adopten os seguintes acordos
ACORDO:

1.- Instar á Deputación Provincial de Pontevedra e nomeadamente a súa Presidenta Dna. Carmela Silva Rego a que inicie os trámites de elaboración do proxecto da segunda fase das obras de humanización da Estrada Provincial EP 2906 ao seu paso por Vilar de Infesta e que se consigne o orzamento para que as obras sexan iniciadas neste ano 2016.

2.-Enviar copia deste acordo a todos os grupos políticos representados no Pleno da Deputación Provincial.”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP se lanza a presentar unha serie de mocións sobre cuestións de competencia da Deputación, cousa que non fixeron nos últimos anos, cando na mesma gobernaba o PP. Pregúntase se o compromiso de Louzán foi firme e considera que dito compromiso non existe, xa que había un proxecto que era para a totalidade da estrada e non se fixo por decisións políticas. Considera que a moción é desleal porque o PP quere que se faga xa, cando antes non o facían, e saben que esta obra ten moitas complicacións e que os veciños de Saxamonde levan anos reclamando melloras nesa estrada. Non apoian a moción.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que AER está aportando moitas cousas ao funcionamento do Concello. Dí que tamén van votar en contra pero propoñen introducir dous puntos, como facer unha inspección da obra e que sexan os dipudados os que leven os documentos á Deputación para non cargar aos funcionarios.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o Alcalde ten a culpa do lamentable espectáculo que deu na súa comparecencia. Indica que na obra non había fases porque os cartos destinados á obra de Vilar os repartía o propio Presidente para os concellos gobernados polo PP, cousa que agora non acontece na Deputación de Pontevedra. Refírese a tratos de favor a simpatizantes do PP ao executarse as obras e indica que ao final os cartos non chegaron. Dubidan que a Deputación poida facerse cargo dos custes pero están dispostos a apoiar a moción porque beneficiaría aos veciños de Vilar.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que considera que AER traballa pero non saben estar calados no pleno e ata insultan cando fala alguén do PP. Indica que o espectáculo se da no intre en que non se respetan os turnos de intervencións. Rexeita que se diga que non houbo xestión e critica que o BNG non apoie a moción. Dí que é preciso rematar a obra xa que hai un perigo real ao estar a zona sen urbanizar e é moi necesario para garantir a seguridade.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non hai menos perigo agora que antes e falan coa asociación de veciños para que se fixeran máis lombos. Insiste en que un tercio das obras previstas no proxecto non se fixo e deixaron tirados aos veciños. Non pode apoiar iso.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que eles fan o que lles parece ben para



Redondela e, efectivamente, son diferentes.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o Alcalde non estivo nas reunións porque foi en plan caciquil para beneficiar aos amigos e cando perderon a Deputación abandonaron a obra.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a obra estaba esquecida durante moitos anos polo PSOE e o BNG, e non admite que se fale de política caciquil. Indica que hai un proxecto e se a oposición considera que se incumpre a lei debería denuncialo. Hai un tramo que hai que rematar por razóns de seguridade.

VOTACIÓN E ACORDO

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por quince votos a favor (9 do PP e 6 do PsdeG-PSOE) e cinco en contra (4 de AER e 1 de BNG).

4.3.3. MOCIÓN DO PS DE G-PSOE SOBRE ARRANXO PONTE CAMIÑO REAL

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE o día 22/01/2016 con número 813 que se transcribe a continuación:

“En 2012, un camión que sobrepasaba a tonelaxe da ponte que cruza o Río Fondón no Camiño Real, afundiou dita estrutura construída no mandato de Don Pedro Otero. Durante estes catro anos, a veciñanza está tendo que cruzar poñendo en risco a súa seguridade unha ponte apuntoada e chea de cascallos.

O Goberno Municipal popular limitouse a poñer catro planchas de metal de 2x2 por enriba e poñer pontóns de obra por debaixo da ponte sen quitar os cascallos. A situación provisional declarada polo Partido Popular alongouse no tempo mediante promesa de próximo arranxo na primavera e seguen mudando as estacións, pero a situación permanece igual. Aínda que pouco antes das eleccións municipais de maio do pasado ano, o alcalde volveu a prometer ao igual que nas anteriores reunións á veciñanza que levaría o arranxo da ponte ao próximo pleno.

A zona cada vez máis chea de maleza e falta de limpeza, asusta aos residentes pola inestabilidade da estrutura xa que coas últimas choivas xeráronse riadas que moveron tanto cascallos que non limpou o concello como os pontóns. Ademais, o lixo non retirado a pesar de advertencias, xenera riadas que están ocasionando o taponamento co consecuente perigo de desborde do río que pon en risco de inundación á casa máis próxima á marxe do cauce. A todo isto, engádeselle que varios transeúntes e motociclistas caeron debido ao escorredizo do chan polas planchas de ferro postas polo goberno popular.

A ponte bastante transitada da acceso a tres casas, máis numerosos veciños e veciñas que utilizan o Camiño Real que abranguen desde traballadores de empresas da zona, residentes do alto da Encarnación e incluso en verán é por onde transitan moitas persoas á praia.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO: Que o Goberno Municipal do Concello de Redondela proceda ao arranxo da ponte do Camiño Real que cruza o Río Fondón á altura do número 54.”



INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que evitaría a referencia a un alcalde franquista na exposición de motivos e que o goberno debería priorizar a obra porque a situación é cada vez máis complicada.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que van votar a favor e pregunta se comentaron a cuestión coa asociación de veciños de Chapela.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que xa hai un proxecto no Concello e os técnicos creen precisa unha revisión da ponte sobre a que ten que pasar o material para facer a obra e xa se está a facer este proxecto. Están a tomar medidas pero indica que non é certo que non se retire a maleza xa que o fixeron efectivos do Grumir en varias ocasións.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que sí faloron coa asociación de veciños e cuestiona que teñan en marcha a execución do proxecto con cargo aos plans da Deputación ou fondos propios, xa que non hai orzamento. Isto a pesar do declarado na prensa pola voceira do PP.

O Alcalde sinala que na liquidación do orzamento hai un remanente e tamén hai unha partida para obras xerais.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que xa non é a primeira vez que fan un proxecto e despois queda sen executar. Están a favor da moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que hai diñeiro e se está a estudar tecnicamente a cuestión para facer a obra e que os propoñentes tiveron moitos anos para facer e non fixeron.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO dubida de que realizaran limpeza xa que él mesmo mirou cascallos do derrumbe do ano 2012 no río e máis cousas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG)

4.3.4. MOCIÓN DE AER SOBRE ADHESIÓN AO PROGRAMA “CIDADES AMIGAS DA INFANCIA”

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 18/01/2016 con número 595 que se transcribe a continuación:

“O Programa Cidades Amigas da Infancia, liderado por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos dos Nenos (ONU, 1989), da cal o noso Estado é signatario, no ámbito dos Gobernos Locais.

O Programa promove a creación de plans locais da infancia e adolescencia, así como



a participación cidadá dos nenos na vida municipal; impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia e dinamiza a colaboración cidadá e a coordinación institucional, como vías para facilitar a mellora continua e o desenvolvemento destas políticas.

O Programa Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Federación Española de Municipios e Provincias.

A través do Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, UNICEF Comité Español reconece aos pobos e cidades que cumpren cos requisitos establecidos a tal efecto, que se recollen no documento de directrices Guía de Xestión do Selo CAI, que acompaña a esta moción.

Considerando que o Programa CAI e o Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia favorecerán os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular; considerando, ademais, que o noso concello cumpre cos requisitos estipulados; e manifestando a nosa vontade de contribuír activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos dos Nenos na nosa localidade; a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes acordos:

a) Solicitar a UNICEF Comité Español que Redondela sexa “concello aliado”, co propósito de avanzar, en diálogo con UNICEF, cara a obtención futura do Selo de Recoñecemento “Cidade Amiga da Infancia”.

b) Contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas da infancia e adolescencia no noso concello”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción refírese ao que se está a facer noutros concellos a prol dos veciños e veciñas e da participación da infancia e a mocidade. Respaldan a proposta. Sinala que isto debe conlevar unha serie de iniciativas concretas xa que a política municipal pode ser fundamental para a salvagarda dos dereitos dos nenos, adolescentes e en xeral de toda a poboación.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que este programa se basea no cumprimento da Convención de Dereitos Humanos. Indica que a partir desta moción hai unha labor moi ampla que tense que facer dende o Concello, xa que hai uns prazos que cumprir para o seu desenvolvemento, bastante esixente e detallado. Salia que a maioría dos acordos plenarios non se levan a cabo pola ineficacia do goberno do PP que non considera prioritario a xuventude e a mocidade.

A concelleira PARIS BLANCO di que a proposta é adherirse ao programa e logo se mirará se poden obterse os obxectivos. Refírese a moitas actividades que se desenvolven a prol dos nenos e a mocidade que teñen o seu propio espazo e considera que a este respecto a proposta chega tarde aínda que van a apoiar a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que o comenzo é ser municipio aliado e despois tratar de conquistar o selo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción refírese somentes á adhesión, a pesares que en cinco anos non fixeron nada, como pasou por exemplo cos problemas na zona dos Eidos. Considera insuficiente a proposta aínda que vana a apoiar.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di á señora París que en Redondela somentes dise que a



OMIX é para tramitar o carné xove e pregunta se faláron nalgún momento con UNICEF xa que din que están a facer moitas cousas. Considera que o goberno minto xa que os convocou no seu intre a Deputación e non teñen coñecemento de que fixeran nada.

A concelleira PARIS BLANCO di que este selo cumpriu 10 anos no ano 2012 e que assistiu á xuntanza na Deputación pero non mirou á voceira socialista. Dí que o primeiro que hai que facer é un diagnóstico da situación e unhas liñas estratéxicas. A proposta parécelles moi boa idea.

O concelleiro CRESPO ABAL di que agradece o apoio.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG).

4.3.5. MOCIÓN DO PP SOBRE OS VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE CESANTES

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal do PP o día 26/02/2016 con número 2586 que se transcribe a continuación:

“Redondela consta nestes intres cunhas instalacións deportivas amplas pero insuficientes para o número de usuarios que a diario queren practicar un dos deportes máis solicitados como é o fútbol, por iso dende o Concello levamos tempo reclamando a axuda da Deputación para a mellora e acondicionamento con céspede artificial do campo de Fútbol do Viso-Cesantes, que é de titularidade da Comunidade de Montes do Viso e ante estas demandas obtivemos por parte do anterior presidente Provincial Rafael Louzán un compromiso de que unha vez rematadas as obras do complexo deportivo municipal de Santa Mariña o seguinte campo de fútbol en acondicionarse sería o de O Viso.

Nesta demanda de investimentos na citada instalación deportiva, amáis do cespede artificial, que é o obxecto da principal demanda, incluíranse como demandas secundarias a instalación e maquinaria para un bó servizo de auga quente, mellorar os vestiarios e adaptalos aos nenos e nenas, tamén e necesaria unha mellora do acceso para peóns e vehículos, así coma unha axeitada iluminación do terreo de xogo e outras dotacións necesarias para que este campo de Fútbol sexa totalmente operativo para os equipos do Concello de Redondela que o están a utilizar en esas malas condicións. Máis en concreto o Clube Deportivo Cesantes, amáis de entre catro e cinco peñas de fútbol de veteráns.

Tamén é utilizado coma terreo de entreamento pola Escola de Fútbol Base O Viso-Cesantes na que practican gran número de nenos e nenas,

O estado de deterioro da instalación deportiva repercute negativamente en toda a parroquia xa que en moitos casos supón a busca de terreos alternativos para a práctica deste deporte fora inclusive do noso termo municipal.

Consideramos oportunos traer a debate este asunto, referente a esta instalación deportiva, ante os cambios de liña nos investimentos da nova Deputación, no referente a invertir campos de céspede e en terreos de xogo que non son de carácter provincial.

Por citar a mais coñecido, o caso do céspede de Balaídos e nVigo, cun orzamento que



supera os catrocentosmil euros.

Redondela como cuarta poboación da Provincia de Pontevedra non pode ser menos e é por todo isto, sumando a que este pleno xa se ratificou na conveniencia de realizar esa inversión, polo importante avance e mellora que suporía para os e as deportistas do noso concello, propón ante este pleno os seguintes ACORDOS:

1.-Instar a Deputación de Pontevedra e nomeadamente a súa Presidenta Dna. Carmela Silva Rego a que inicie os trámites para a elaboración dun proxecto para a mellora dos vestiarios e a instalación do cesped artificial do Campo de Fútbol de Cesantes no Viso, e que se consigne o orzamento para que as obras sexan iniciadas neste ano 2016,

2.-Enviar copia desta acordo a todos os grupos políticos representados no Pleno da Deputación Provincial.”

INTERVENCIONS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que con esta moción o PP faille o traballo ao Alcalde como deputado provincial e volven a dicir que hai que dirixirse á Presidencia, cando en realidade hai que dirixirse á Deputación. Considera que en catro anos non fixeron nada, porque tiñan outras prioridades políticas e agora queren que o pleno respalde a Javier Bas.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que están a favor e propón que os deputados provinciais Bas e Rivas formen un grupo de traballo na Deputación a prol de Redondela .

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que o PP fuxe dos seus compromisos anteriores con xente que está a traballar por manter o campo e a actividade e aínda que van a apoiar a moción para tratar de que as instalacións se melloren. Di que é falso que leven tempo reclamando a solución aos problemas xa que o fixeron exclusivamente “de pico” vendendo fume á xente que está a traballar desinteresadamente. Di que alí hai unha pista que está en total estado de abandono e non fixeron nada.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o que sinala o voceiro do BNG amosa a súa incoherencia xa que non apoiou a mellora da estrada en Vilar de Infesta e agora sí. Indica que nos últimos anos foron tres veces as máquinas da Deputación a facer algúns arranxos e se melloraron os vestiarios aínda que consideran que é insuficiente e que non se deben levar os cartos da Deputación para Vigo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non queren participar na cacicada do PP e que iso acabouse aínda que non lles entre na cabeza. Indica que non se atreven a traer nada contra a Xunta.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que se todos están de acordo non sabe que se está a discutir.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que o señor Louzán dáballo a dedo aos concellos que quería o que lle petaba e agora non pasa. Dubida que a voceira do PP saiba en qué categoría xoga o Cesantes e di que empezaron a mover ficha cando perderon a Deputación.

A concelleira AMOEDO DASILVA pregunta se non querían que desaparecieran as



deputacións polo que cando gobernan dín outra cousa distinta de cando estaban na oposición. Indica que as cousas téñense que facer paso a paso e o primeiro é unha cesión ao Concello para que a obra se poida facer en condicións xa que está claro que o campo require unhas melloras urxentes.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG)

4.3.6. MOCIÓN DE DENUNCIA DO ACORDO DA UNIÓN EUROPEA CON TURQUÍA

ANTECEDENTES:

Por parte dunha representante do grupo de apoio a refuxiados dase lectura á seguinte Moción:

“A Unión Europea trata as persoas refuxiadas como moeda de cambio co Goberno de Turquía ao tempo que pon de manifesto a deterioración do proxecto europeo cun acordo que traslada a crise das persoas refuxiadas fóra das súas fronteiras.

O acordo asinado o 18 de marzo evidencia a absoluta insensibilidade da UE e dos Estados membros ante a crise humanitaria das persoas refuxiadas que arriscan a súa vida fuxindo da guerra.

A Unión Europea, ademais de incumprir a legalidade internacional, elude a súa responsabilidade de dar resposta aos milleiros de refuxiados e refuxiadas que se amorean nas súas fronteiras, mediante un acordo con Turquía para deportar a ese país a todos os inmigrantes, económicos e tamén demandantes de asilo, que cheguen á UE a través deste país, a cambio de que os Estados membros recoloquen o mesmo número de refuxiados asentados en territorio turco.

A Unión Europea urdiu un plan que vulnera a especial protección que o dereito internacional lles recoñece ás persoas que demandan asilo mediante a asimilación de inmigrantes económicos e refuxiados, todo eles considerados “ilegais”. Expulsáronse a Turquía as persoas refuxiadas que chegaron a Europa por esta vía.

A Unión Europea comprou as devolucións a Turquía por 3.000 millóns de euros, polos custos de xestión, e 3.000 millóns adicionais en 2018, sen ningún mecanismo de control do destino do orzamento. Este acordo ampliase ademais coa eliminación do requisito de visado para as cidadás e cidadáns turcos en Europa a partir de xuño de 2016 e a axilización da entrada de Turquía na UE. Obviamente, curisamente, que o Goberno de Erdogan viola de forma reiterada dereitos fundamentais como a liberdade sindical, a liberdade de prensa e expresión, como o recente caso do diario Zanan, próximo a oposición ao goberno turco ou o exterminio do pobo kurdo.

Os refuxiados e as refuxiadas son seres humanos que foxen da guerra e buscan a protección internacional, facer deles unha mercadoría para o intercambio económico é inhumano e non dará lugar a unha resposta máis humanitaria: para a Turquía non eliminará o perigo ao que sirios, iraquís e outros pobos están expostos nos seus propios países.

O sistema un-por-un (intercambio de refuxiados sirios) non ten sentido e é unha violación do dereito internacional e dos tratados da UE.

A UE non debería nin sequera considerar pagarlle a Turquía para manter as persoas refuxiadas en campamentos inhumanos sen ningunha perspectiva, e non debería haber ningún intercambio entre o seu mantemento fóra de Europa e a aceleración das



negociacións de adhesión á UE.

Moitas organizacións sociais e políticas, levan moito tempo defendendo que a comunidade internacional debería investir tempo e recursos en restablecer a paz en Oriente Medio, asumindo a súa responsabilidade nesta crise humanitaria que ven derivada en moitos casos das intervencións militares imperialistas levadas a cabo pola UE e EEUU, en función dos seus intereses xeoestratéxicos, en moitos dos países dos que proceden estas persoas.

Consideramos pois unha inmoralidade e unha grande hipocresía o que está a facer a UE coas persoas refuxiadas e inmigrantes en xeral e manifestamos o noso máis absoluto rexeitamento á política da UE e dos seus Estados membros ante a maior crise humanitaria desde a segunda guerra mundial. Europa ten capacidade de resposta e de solución da mesma, o que non ten é vontade política para facelo.

Por todo o exposto solicitamos do pleno do concello de Redondela o apoio aos seguintes acordos:

- O Pleno do concello de Redondela rexeita o acordo adoptado pola UE e Turquía.
- O pleno do concello de Redondela solicita á UE e por extensión aos seus Estados membros a anulación deste acordo e que se traballe na solución legal e política dos conflitos, respetando a legalidade internacional e os dereitos humanos das persoas refuxiadas.
- O Pleno do Concello de Redondela apoiará as accións que se leven a cabo para denunciar este acordo ilegal e inhumano
- O Concello de Redondela pendurará unha faixa co seguinte texto "[Tod@s](#) podemos ser [refuxiad@s](#)"
- Dar traslado destes acordos aos Gobernos Galego e Español, ao presidente do Parlamento europeo e ais/ás portavoces dos diferentes grupos parlamentares."

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que esta moción trata de recoller as inxerencias sociais pola situación que se está a vivir . Dí que a Unión Europea segue a funcionar como un mercado, agora de persoas xa que o acordo trata de repartirse a unha xente que fuxe dunha guerra que non foi xenerada por eles. Considera que as democracias europeas teñen que por recursos para recibir a estas persoas nas mellores condicións posibles e o que se trata é de mover consciencias, polo que estima moi pertinente a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que o acordo é ilegal porque Turquía non cumpre coa legalidade e que a culpa é dos estados occidentais. Considera que é vergoñento o que se está a facer con estas persoas.

A concelleira REY GÓMEZ di que o problema é aberrante e a Unión Europea non está a por ningún límite ao comercio de armas que permite manter esta situación. Considera que está utilizando a un terceiro país non membro para realizar unha expulsión indiscriminada. Sinala que Turquía non cumpre cos dereitos humanos e que o goberno español non cumpriu o que dixo de recibir a 15.000 persoas e non se fixo ningún plan de acollida a refuxiados. En Redondela tampouco se fixo nada.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están totalmente de acordo coa moción e que falta sensibilidade co que está pasando e se están hacinando a familias enteras en sitios que non contan coas mínimas condicións. Estima que deberían artellarse mecanismos efectivos para darlles acollidas e que hai un problema de excesiva burocracia. Están abertos a buscar alternativas.



O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG presentou a súa moción pero retirouna para que poidera haber un acordo conxunto. Gustaríalle saber canto teñen previsto aportar para colaborar nisto e pensa que a Unión Europea é totalmente insensible nestes temas e o único que fai é mirar para outro lado. Por iso a cidadanía ten que presionar aos seus gobernos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que deben ser xente de segunda xa que non se lles trata o mesmo que cando hai un atentado en París. Salia que Turquía está a masacrar aos kurdos e non ten sentido que a Unión Europea lles dea cartos aos turcos que non respectan os dereitos humanos.

A concelleira REY GÓMEZ refírese ao movemento social que se está a producir e sinala que non deben facerse diferenzas entre uns e outras vítimas.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a realidade é que hai demasiados intereses e que ao mellor hai que facer maior presión dende dentro. Sinala que no orzamento hai unha partida de 15.000 euros para estas cuestións e poden empregarse para axudar.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG)

4.4 Rogos e preguntas

Pregunta presentada polo grupo municipal AER o día 30/03/2016 con número de rexistro de entrada 4042 sobre o Regulamento das asignacións ou Subvencións aos grupos políticos que se transcriben a continuación:

“Tendo en conta as seguintes consideracións:

-Que no pleno de Febreiro 2015 presentamos unha moción para o control dos gastos das asignacións dos grupos políticos representados no Concello de Redondela.

-Que os grupos representados na anterior corporación chegamos ó seguinte acordo unánime que aínda a día de hoxe, un ano despois, estamos a incumprir:

Acordo: *“Redactar un regulamento sobre as asignacións aos grupos políticos con representación no pleno que, inclúa, entre outras cuestións, as seguintes: establecemento do procedemento para fiscalizar as contas derivadas das asignacións, presentación anual das contas relacionadas cos gastos obxecto das asignacións aos grupos políticos,etc”*

-Que en Xunta de Voceiros reclamouse por parte de AER a constitución da comisión ou mesa de traballo para dar cumprimento a este acordo plenario. Nesta xunta acordouse convocar mesa de traballo para o día 28.09.2015

-Convócase comisión de Transparencia para dita data sen orde do día o que provoca a confusión de tódolos asistentes, xa que unha das representantes do equipo de goberno foi expoñer se nos adheriamos ao portal de transparencia da FEMP e sinalou dita tema como prioritario. O outro representante do goberno viña tratar tiña nada que ver coa elaboración deste regulamento, e así o reclamamos. A conclusión secada de dita comisión foi crear por separado, unha mesa de traballo para tratar os temas dos



portais de transparencia e unha comisión de facenda para tratar o tema das asignacións aos grupos políticos.

Dende entón seguimos a espera.

En virtude de todo anteriormente exposto PREGUNTAMOS: Ten pensado convocar esta comisión de facenda para tratar de cumprir o acordo plenario tendo en conta a súa dedicación exclusiva ao noso Concello?”

Resposta: O Alcalde sinala que non hai problema e que se convocará en breve prazo.

Pregunta presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE o día 30/03/2016 con número de rexistro de entrada 4044 sobre a comisión seguemento ampliación AP9 que se transcriben a continuación:

“A última Comisión de Seguemento das Obras de Ampliación da AP-9 tivo lugar hai catro meses, o 3 de novembro de 2015, cando o pasado mes de febreiro de 2016 tras as numerosas choivas producíronse numerosos despendimientos e afectacións, a maiores das que a obra xa está a xerar aos veciños e veciñas de Chapela. PREGUNTAMOS: Por qué non se convocou unha a Comisión de Seguemento das Obras de Ampliación da AP-9 pese a que na comisión anterior xa se solicitara facela o antes posible, e mais agora, tras os últimos sucesos?”

Resposta: A concelleira AMOEDO DASILVA di que o compromiso foi convocala cando se tivera a proposta dos técnicos contratados polo Concello para responder as propostas de AUDASA e farase cando estea disponible.

Pregunta presentada polo grupo municipal AER o día 30/03/2016 con número de rexistro de entrada 4051 sobre a selección persoal de salvamento, que se transcriben a continuación:

“Sobre selección de persoal de salvamento. Dado que xa se iniciaron os procedementos para a campaña de Salvamento para o verán de 2016, PREGUNTAMOS: Pensan deixar os procesos de selección de persoal para a última hora coma sempre o vanos iniciar xa para telos preparados?”

Resposta: A concelleira AMOEDO DASILVA di que fíxose a solicitude e hai que esperar a recibir autorización expresa da Xunta para desenvolver o procedemento de selección.

Pregunta presentada polo grupo municipal do PsdeG PSOE o día 30/03/2016 con número de rexistro de entrada 4046 sobre o saneamento en San Vicente de Trasmañó, que se transcriben a continuación:

“O 27 de xaneiro de 2016, o Grupo Municipal Socialista de Redondela organizou unha charla coa veciñanza de San Vicente de Trasmañó na que pese a non estar convidados asistiron dous membros do grupo de goberno municipal do PP, o Sr. Arturo González e a Sra. María José Barciela. Os concelleira do PP prometeron expoñer publicamente o saneamento que se vai a realizar en San Vicente de Trasmañó por Augas de Galicia. Dito proxecto foi solicitado mediante rexistro repetidas veces polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Redondela, obtendo como resposta por parte do grupo de goberno municipal de que non o tiñan debido a que era de Augas de



Galicia.

PREGUNTAMOS: Por qué o goberno municipal do PP non ten o proxecto do saneamento de San Vicente de Trasmañó que se vai a realizar se é unha obra que incide no noso concello? Cando exporá o goberno municipal do PP o proxecto do saneamento de San Vicente de Trasmañó á veciñanza tal como prometeron se non teñen o proxecto?"

Resposta: A concelleira BARCIELA BARROS di que o proxecto do 2008 e 2010 o fixera o goberno socialista pero nesta ocasión decidiron vender fume aos veciños con mentiras. Non ten inconvinte en levalos o proxecto e vai a haber outro.

Rogo do PSOE sobre a retirada carteis anunciadores de obras

"No ano 2012, o PsdeG-PSO de Redondela presentaba un rogo que expoñía "unha das demandas máis reiteradas polo PP de Redondela no anterior mandato, foi a retirada dos distintos carteis anunciadores de obras por parte do órgano de goberno anterior.

Despois de case un ano de goberno do PP, moitos dos carteis seguen estando no mesmo lugar, dando unha imaxe de abandono e ademais de certificar a pouca ou nula xestión da Concellería de Vías e Obras". Tras cinco anos de mandato do goberno municipal do PP de Redondela, os carteis das obras seguen estando nos mesmos lugares. **ROGAMOS;** ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para que sexan retirados todos os carteis de obras rematadas situados en distintos lugares do Concello de Redondela"

O Alcalde dí que queda enterado.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e corenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-